

PREGUNTA DE AER RELATIVA AS REIVINDICACIÓNS DA ANPA DO CEIP DE CEDEIRA (Rex. Entrada 26.09.2018, 2018-E-RPLN-17).

PLENO 27 SETEMBRO 2018. ACTA 11/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

“A ANPA do CEIP de Cedeira, e con ela toda a comunidade educativa do centro, decidiron mobilizarse para poñer de manifesto a súa indignación e desacordo trala a decisión da Consellería de Educación de retirar un mestre do seu colexio. Dende hai 3 cursos, a clase que este ano empeza 6º de primaria, está desdobrada; un desdobre que se concedeu solicitado polo colexio e trala valoración do equipo de orientación, e o informe favorable do inspector de zona que, tras estudar o caso desta clase, non dubidou da necesidade de asignar un segundo titor para cubrir as necesidades dos alumnos e alumnas, atendendo así á diversidade existente neste curso. A sorpresa foi que a pesar de que o inspector enviou o seu informe avalando a necesidade dunha segunda liña en 6º, a Consellería decidiu eliminala. Os pais e nais dos alumn@s de 6º de primaria non entenden o motivo desta decisión política que quita aos seus fillos e fillas o dereito a un ensino de calidade. Reuníronse cos responsables de educación en Vigo e Pontevedra, pero queren calalos dicindo que o número de alumn@s é correcto, que segundo a lei vixente non teñen dereito a máis, pero a ANPA, como nais e pais, non aceptan que os seus fill@s sexan un número nunha estatística. Non queren parches nin medidas a medias, queren que os seus fill@s teñan o profesor que, segundo os informes presentados, necesitan. Non piden máis, piden o que lles quitaron. Estes nenos e nenas teñen dereito a un ensino de calidade, a ANPA, como pais e nais defenden ese dereito.

O goberno local manifestoulle o seu apoio á ANPA en distintas asembleas e tamén nas mobilizacións que fixeron diante do Concello.

Por todo o anterior, e ante a situación do CEIP de Cedeira, que segue sen noticias oficiais que ó parecer ían chegar dende a Consellería de Educación, preguntamos

Que xestións fixo o goberno local para apoiar esta reivindicación da ANPA do CEIP de Cedeira?”

Resposta: sra. Amoedo: puxémonos do lado dos pais e das nais. Respaldámoslos e reunímonos coa inspección. O alcalde falou co delegado territorial. Estamos pendentes de que a próxima semana exista unha reunión co conselleiro coa pretensión de que se manteña o que existía porque viña funcionando ben. O obxectivo final é conseguir que eses nenos teñan as súas necesidades cubertas. Queremos que non se demore.